



XERENCIA



Conta anual do exercicio 2016

Documento resumo

UniversidadeVigo

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	4
1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	5
1.1. Créditos iniciais, modificacións orzamentarias e créditos finais	5
1.1.1. Orzamento de ingresos	5
1.1.2. Orzamento de gastos	6
1.1.3. Modificacións orzamentarias.....	7
1.2. Execución do orzamento	8
1.2.1. Grao de execución do Orzamento de ingresos.....	11
1.2.2. Grao de execución do Orzamento de gastos	13
1.3. Remanente de tesouraría	18
2. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO.....	20
2.1. Resultado económico-patrimonial do exercicio	20
2.2. Balance de situación	21
3. SITUACIÓN DA TESOURARÍA	23
4. INDICADORES.....	24
4.1. Indicadores financeiros e patrimoniais.....	24
4.2. Indicadores orzamentarios.....	26
5. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	29
ANEXO I. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS.....	31
I.1. Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)	31
I.2. Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).....	33
I.3. Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	35

ÍNDICE DE CADROS

<i>Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2016 (€)</i>	5
<i>Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2016 (€)</i>	6
<i>Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2012-2016 (€)</i>	8
<i>Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2016 (€)</i>	10
<i>Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da UVigo. Ano 2016 (€)</i>	11
<i>Cadro 6. Comparativa dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2016 e 2015 (€)</i>	12
<i>Cadro 7. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2012-2016 (€)</i>	12
<i>Cadro 8. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos) 2012-2016 (€)</i>	13
<i>Cadro 9. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2016 (€)</i>	14
<i>Cadro 10. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2012-2016 (€)</i>	14
<i>Cadro 11. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)</i>	15
<i>Cadro 12. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2012 a 2016 (€)</i>	15
<i>Cadro 13. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)</i>	16
<i>Cadro 14. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)</i>	16
<i>Cadro 15. Gasto en transferencias correntes. Anos 2016 e 2015 (€)</i>	17
<i>Cadro 16. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2016 e 2015 (€)</i>	17
<i>Cadro 17. Remanente de tesouraría da UVigo. Anos 2016 e 2015 (€)</i>	18
<i>Cadro 18. Conta do resultado económico patrimonial da UVigo en 2016 (€)</i>	20
<i>Cadro 19. Balance de situación da UVigo en 2016 (€)</i>	22
<i>Cadro 20. Estado de fluxos de efectivo no exercicio 2016 (€)</i>	23
<i>Cadro 21. Comparativo do volume de contratación. Exercicios 2016 e 2015</i>	29
<i>Cadro 22. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación. Exercicio 2016</i>	30
<i>Cadro 23. Resumo por tipo, importes e ratios principais</i>	30
<i>Anexo: cadro 1. CUSA: Conta de resultados 2016</i>	31
<i>Anexo: cadro 2. CUSA: Balance 2016</i>	32
<i>Anexo: cadro 3. CITEXVI: Conta de resultados 2016</i>	33
<i>Anexo: cadro 4. CITEXVI: Balance 2016</i>	34
<i>Anexo: cadro 5. FUVI: Conta de resultados 2016</i>	35
<i>Anexo: cadro 6. FUVI: Balance 2016</i>	36

PRESENTACIÓN

Coa *Conta Anual do exercicio 2016* infórmase á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

A información proporcionada pola Universidade segue os principios de transparencia na xestión, ofrecendo información obxectiva, concisa e clara da actuación económico-financeira da institución, o que garante un comportante legal, ético e responsable socialmente.

Este informe pretende dar unha visión resumida da Conta Anual, co obxectivo de que a información contida nela sexa comprensible para persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. Unha vez aprobado o documento, poderase consultar no seguinte enderezo web: http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/servizos_economicos/contabilidad/procesos.html; A Secretaría Xeral custodiará a documentación orixinal e a Vicerreitoría de Economía e Planificación, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e a Vicerreitoría do Campus de Ourense disporán de cadansúa copia.

Con carácter previo á presentación das Contas Anuais e atendendo ao indicado no Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que modificou algúns apartados da Lei Orgánica de Universidades, a Universidade de Vigo presentou perante a Comisión Económica do Consello Social, antes do 1 de marzo de 2017, a Liquidación do seu Orzamento do exercicio 2016, acompañado da Carta de Avance e do Borrador de Informe Adicional ao de Auditoría. Estes últimos documentos elaborounos a empresa de auditoría contratada polo Consello Social da Universidade de Vigo.

Posteriormente a este feito, de acordo coa restante normativa orzamentaria de aplicación e seguindo os procedementos habituais, a Universidade de Vigo ten que presentar perante a Xunta de Galicia, antes do 30 de xuño do 2017, o documento do que estamos a informar, unha vez aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

1.1. Créditos iniciais, modificacións orzamentarias e créditos finais

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2016 elaborouse ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2011, de 21 de decembro, de Universidades, dos Estatutos da Universidade e das normas que rexen a actividade económico-financiera do sector público galego e estatal. O documento recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, aprobouse en equilibrio, e cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para o dito exercicio.

1.1.1. Orzamento de ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2016 aprobouse por un importe de 160.586.524 euros, un 2,79 % menos que o do exercicio precedente. No cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados así como as modificacións e os créditos definitivos do orzamento de 2016.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2016 (€)

CAPÍTULOS	PREVISIÓNS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	16.626.500	536.938	17.163.438
IV. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS CORRENTES	116.500.524	1.510.527	118.011.051
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	336.000	1.916	337.916
OPERACIÓNS CORRENTES	133.463.024	2.049.381	135.512.405
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	0
VII.-TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS CAPITAL	22.791.000	130.450	22.921.450
OPERACIÓNS DE CAPITAL	22.791.000	130.450	22.921.450
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	156.254.024	2.179.831	158.433.855
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	4.332.500	9.653.490	13.985.990
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	0	0	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	4.332.500	9.653.490	13.985.990
TOTAL	160.586.524	11.833.321	172.419.845

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 11.833.321.- € sobre o orzamento inicial, estas modificacións veñen significando un 7,37 % dos créditos iniciais

As previsións definitivas de ingresos de 172.419.845.-€, un 3,67 % menos que o do exercicio precedente.

No que respecta ás modificacións, a partida máis importante é a refirida á variación de activos financeiros, que reflicte a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2015

1.1.2. Orzamento de gastos

O orzamento inicial do exercicio 2016 aprobouse por un importe de 160.586.524 €, un 2,79 % menos que o do exercicio precedente. No cadro 2 recóllense os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos a nivel de capítulo.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2016 (€)

CAPÍTULOS	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
I. GASTOS DE PERSOAL	95.040.900	1.190.986	96.231.886
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	28.014.935	1.803.125	29.818.060
III. GASTOS FINANCEIROS	375.000	0	375.000
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.275.250	1.061.396	7.336.646
V. FONDO DE CONTINXENCIA	300.000	-133.300	166.700
OPERACIÓNS CORRENTES	130.006.085	3.922.207	133.928.292
VI. INVESTIMENTOS REAIS	27.440.439	7.911.114	35.351.553
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		0	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	27.440.439	7.911.114	35.351.553
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	157.446.524	11.833.321	169.279.845
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	140.000	0	140.000
IX PASIVOS FINANCEIROS	3.000.000	0	3.000.000
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.140.000	0	3.140.000
TOTAL	160.586.524	11.833.321	172.419.845

1.1.3. Modificacións orzamentarias

A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos vén dada polas modificacións de crédito que se realizaron. No cadro 3 móstrase a evolución do orzamento inicial e definitivo da Universidade e das modificacións orzamentarias no período 2012 a 2016. Como pode comprobarse ao analizar os datos, as modificacións máis importantes son:

● Xeracións de crédito por ingresos

Estas modificacións son consecuencia da achega á Universidade dun maior importe de ingresos que os inicialmente estimados, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2016 foi de 2.179.836.- €

● Incorporacións de remanentes

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 9.653.485 €, que é o resultado da incorporación de remanentes específicos, tal e como se definen nas *Normas de execución do orzamento 2016*.

A estabilización das cifras e o control destes procedementos é unha necesidade prioritaria, dado o efecto que teñen no modelo de cómputo do déficit e na rendición de contas perante a Consellería de Facenda, que se fai atendendo ao establecido no Sistema Europeo de Conta Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

● Transferencias de crédito

Pola súa propia definición, as transferencias de crédito son unha suma cero xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra. Xa que logo, o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe implica unha diminución polo mesmo importe na que transfire. O importe das transferencias de crédito foi de 13.454.346 €. Nel inclúense as distribucións de créditos, que orzamentariamente non teñen a consideración de transferencias pero que están contabilizadas como tales no sistema informático.

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2012-2016 (€)

	2012	2013	2014	2015	2016
ORZAMENTO INICIAL	162.969.745	163.216.352	159.655.119	165.203.557	160.586.524
MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS	15.826.462	12.912.506	9.977.541	13.776.339	11.833.321
▪ XERACIÓNS DE CRÉDITO	6.766.906	1.621.282	2.972.563	4.203.536	2.179.836
▪ INCORPORACIÓN DE REMANENTES	9.059.556	11.291.225	7.004.978	9.292.803	9.653.485
▪ AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO				280.000	80.000
▪ REDUCIÓNS POR ANULACIÓN					80.000
▪ TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO	14.246.143	13.512.570	12.101.227	14.352.649	13.454.346
ORZAMENTO DEFINITIVO	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896	172.419.845

1.2. Execución do orzamento

Neste apartado infórmase sobre o grao de cumprimento do orzamento tanto de gastos como de ingresos. Analizaremos os dereitos recoñecidos, as obrigas recoñecidas e o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos netos** son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo. Como se observa no cadro 4, os dereitos recoñecidos netos ascenderon en 2016 a 153.759.723,30€. Destes recadáronse durante o ano 136.016.627,64€ (o 88,46%), quedando pendentes de cobro, a 31 de decembro de 2016, un total de 17.743.095,66 €.

As **obrigas contraídas** o son como consecuencia de realizar gastos correntes ou de capital. Como pode comprobarse no cadro 9, en 2016 ascenderon a 149.968.828,83€; os pagos pendentes a 31 de decembro son insignificantes. A Universidade ven cumprindo os prazos de pago a provedores, cun prazo inferior ao máximo permitido.

O **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, acadou a cifra de 3.790.894,47 €.

Se a ese resultado orzamentario se lle suman os créditos gastados con cargo a remanentes de tesouraría (créditos xerados durante o exercicio debido a incorporacións e xeracións de créditos) e os demais axustes relacionados coas desviacións positivas (ingresos recibidos no ano 2016 pero que serán gastados no exercicio 2017 e posteriores) e negativas do financiamento (gastos do exercicio 2016 pero dos que se recibiu ingreso en exercicios anteriores), que acadan a cifra de -586.137,65€,

obtense o **resultado orzamentario axustado** do exercicio, que no 2016 ascendeu á cantidade de 3.204.756,82 €. Este resultado orzamentario axustado mostra a realidade orzamentaria do exercicio 2016 sen as incidencias derivadas de ingresos ou gastos que xeran crédito ou provocan gasto en varias anualidades.

Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2016 (€)

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. OPERACIÓNS CORRENTES	135.816.317,81 €	126.729.612,58 €		9.086.705,23 €
b. OPERACIÓNS DE CAPITAL	17.868.520,65 €	20.413.415,50 €		-2.544.894,85 €
c. OPERACIÓNS COMERCIAIS				0,00 €
1. TOTAL DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (a+b+c)	153.684.838,46 €	147.143.028,08 €		6.541.810,38 €
d. ACTIVOS FINANCEIROS	74.884,84 €	66.704,50 €		8.180,34 €
e. PASIVOS FINANCEIROS		2.759.096,25 €		-2.759.096,25 €
2. TOTAL DE OPERACIÓNS FINANCEIRAS (d+e)	74.884,84 €	2.825.800,75 €		-2.750.915,91 €
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	153.759.723,30 €	149.968.828,83 €		3.790.894,47 €
AXUSTES				
3. CRÉDITOS GASTADOS CON CARGO A REMANENTE DE TESOURARÍA NON AFECTADO			4.824.143,75 €	
4. DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIACIÓN			1.517.979,04 €	
5. DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIACIÓN			-6.928.260,44 €	
II. TOTAL AXUSTES (3+4+5)			-586.137,65 €	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (1+2)				3.204.756,82 €

Atendendo ao expresado nestas cifras e na restante información concordante, hai que destacar que, ao igual que no exercicio precedente, a Universidade de Vigo non ten déficit consonte a metodoloxía establecida polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (DOCE do 26 de xuño de 2013, polo que se publica o Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2013).

Nos seguintes epígrafes analízanse diferentes aspectos da execución do orzamento que complementan á información facilitada con anterioridade.

1.2.1. Grao de execución do Orzamento de ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 153.759.723,30 €. Postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesouraría incorporados (158.433.859,85€), resulta un grao de execución do orzamento de ingresos dun 97,05% tal e como se pode apreciar no cadro 5.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da UVigo. Ano 2016 (€)

CAPÍTULOS	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	GRAO DE EXECUCIÓN
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	17.163.438	17.138.649	99,86%
IV. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES	118.011.051	118.407.382	100,34%
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	337.916	270.287	79,99%
OPERACIONS CORRENTES	135.512.405	135.816.318	100,22%
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	
VII.-TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	22.921.450	17.868.521	77,96%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	22.921.450	17.868.521	77,96%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	158.433.855	153.684.838	97,00%
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS (SEN REMANENTES DE TESOURARÍA)	13.985.990	74.885	0,00
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	0		--
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	13.985.990	74.885	--
TOTAL (SEN REMANENTES DE TESOURARÍA)	172.419.845	153.759.723	89,18%
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS (SÓ REMANENTES DE TESOURARÍA)			--
TOTAL	172.419.845	153.759.723	89,18

Como de desprende dos datos do cadro o grao de execución dos ingresos correntes (100%) é máis alto que o dos ingresos de capital (78%), esto e debido a que no capítulo 7 rexistranse previsións de dereitos que se corresponden con xustificacións de proxectos de investigación, que polo sistema dos entres financiadores non sempre se poden recoñecer ao peche do exercicio.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 97%. Ao sumar as operacións financeiras correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 89 %.

Estes datos confirman a rigorosidade e prudencia empregada ao elaborar a estimación de ingresos para o exercicio.

Se afondamos na análise e comparamos os datos cos do exercicio anterior, advírtese que os ingresos da Universidade aumentan un 1,81 %, cun comportamento diferente segundo as partidas, tal e como se pode apreciarse no cadro 6. O capítulo III presenta un incremento superior ao 6% debido

ao incremento por ingresos de matrícula. O capítulo VII presenta un descenso importante do -12,26% debido sobre todo á devolución da axuda non executada polo proxecto TACTICA.

Cadro 6. Comparativa dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2016 e 2015 (€)

CAPÍTULOS	2016	2015	% DE VARIACIÓN
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	17.138.649	16.155.496	6,09%
IV. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES	118.407.382	114.113.493	3,76%
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	270.287	311.827	-13,32%
OPERACIONS CORRENTES	135.816.318	130.580.817	4,01%
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS			
VII.-TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	17.868.521	20.365.727	-12,26%
OPERACIONS DE CAPITAL	17.868.521	20.365.727	-12,26%
OPERACIONS NON FINANCEIRAS	153.684.838	146.491.869	4,91%
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	74.885	81.186	-7,76%
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS			
OPERACIONS FINANCEIRAS	74.885	81.186	-7,76%
TOTAL	153.759.723	151.027.730	1,81%

No cadro 7 móstrase a evolución da execución dos ingresos nun período de 5 anos. Como pode comprobarse, a porcentaxe de execución mantense no tempo con variacións case insignificantes.

Cadro 7. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2012-2016 (€)

	2012	2013	2014	2015	2016
DEREITOS RECOÑECIDOS (A)	148.355.503	151.150.166	146.593.087	151.027.720	153.759.723
ORZAMENTO DEFINITIVO (B)	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896	172.419.845
% DE EXECUCIÓN	82,97%	85,82%	86,42%	84,38%	89,18%
ORZAMENTO DEFINITIVO (EXCEPTO REMANENTES) (B)	153.677.223	154.021.342	147.777.063	152.351.536	158.433.860
% DE EXECUCIÓN	96,54%	98,14%	99,20%	99,13%	97,05%

Abondando no mesmo aspecto, no

cadro 8 pode observarse a evolución dos ingresos globais da Universidade dende o ano 2011.

Cadro 8. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos) 2012-2016 (€)

	2012	2013	2014	2015	2016
INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS)	148.355.503	151.150.166	146.593.087	151.027.720	153.759.723
% VARIACIÓN ANUAL	-4,41%	1,88%	-3,01%	3,03%	1,81%

1.2.2. Grao de execución do Orzamento de gastos

As obrigas contraídas acadaron un valor de 149.968.828,83€. Postas en relación co orzamento definitivo, que é de 172.419.845 €, dá un grao de execución do orzamento de gasto dun 87 %, tal e como se pode apreciar no cadro 9. A comparación por capítulos pon de manifesto que a maior porcentaxe de execución continúa a corresponderlle ao Capítulo I (“Gastos de persoal”) cun 99,83%.

Os desaxustes entre a previsión de gasto o e gasto efectivamente realizado obedece, como en anteriores exercicios, a dúas causas fundamentais:

- a) por unha banda, o modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación, que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acada o financiamento;
- b) por outra banda, o proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo, que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

Cadro 9. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2016 (€)

CAPÍTULOS	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	GRAO DE EXECUCIÓN
I. GASTOS DE PERSOAL	96.231.886	96.072.942	99,83%
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	29.818.060	24.578.491	82,43%
III. GASTOS FINANCEIROS	375.000	324.065	86,42%
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.336.646	5.754.114	78,43%
V. FONDO DE CONTINXENCIA	166.700	0	NON PROCEDE
OPERACIÓNS CORRENTES	133.928.292	126.729.613	94,62%
VI. INVESTIMENTOS REAIS	35.351.553	20.413.416	
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	0	0,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	35.351.553	20.413.416	57,74%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	169.279.845	147.143.028	86,92%
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	140.000	66.705	47,65%
IX. PASIVOS FINANCEIROS	3.000.000	2.759.096	91,97%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.140.000	2.825.801	89,99%
TOTAL	172.419.845	149.968.829	86,98%

No cadro 10 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2012, tanto na fase de obriga como na de compromiso.

Cadro 10. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2012-2016 (€)

	2012	2013	2014	2015	2016
A. OBRIGAS RECOÑECIDAS	148.728.461	142.360.844	147.443.760	155.009.911	149.968.829
B. ORZAMENTO DEFINITIVO	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896	172.419.845
% DE EXECUCIÓN (A/B)	83,18%	80,83%	86,92%	86,61%	86,98%
C. CRÉDITOS COMPROMETIDOS	155.094.158	148.212.798	151.472.696	158.239.000	153.070.828
% DE EXECUCIÓN (C/B)	86,74%	84,15%	89,29%	88,41%	88,78%

No cadro 11 compárase o capítulos de gastos nos exercicios 2015 e 2016. A variación global é do -3,25%. O capítulo I incrementábase debido ao incremento da antigüidade do persoal e da aposta decidida da Universidade pola estabilidade no emprego e pola captación de retención de talento investigador. Pola contra, hai unha redución importante dos investimentos reais do capítulo VI, debido aos menores fondos recibidos para axudas e infraestruturas de investigación derivada do inicio do programa europeo H2020 que na súa primeira anualidade non deu tempo á concesión de

axudas que en anos anteriores se viñan recibindo. O capítulo IX redúcese pola finalización dun préstamo para a financiación de infraestruturas de investigación.

Cadro 11. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)

CAPÍTULOS	2016	2015	% DE VARIACIÓN
I. GASTOS DE PERSOAL	96.072.942	93.348.800	2,92%
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	24.578.491	25.685.295	-4,31%
III. GASTOS FINANCEIROS	324.065	413.790	-21,68%
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.754.114	5.549.380	3,69%
OPERACIÓNS CORRENTES	126.729.613	124.997.265	1,39%
VI. INVESTIMENTOS REAIS	20.413.416	26.227.494	-22,17%
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	0	--
OPERACIÓNS DE CAPITAL	20.413.416	26.227.494	-22,17%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	147.143.028	151.224.760	-2,70%
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	66.705	85.329	-21,83%
IX. PASIVOS FINANCEIROS	2.759.096	3.699.822	-25,43%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.825.801	3.785.152	-25,35%
TOTAL	149.968.829	155.009.911	-3,25%

No cadro 12 pode observarse como evolucionaron os gastos globais da Universidade dende o 2012. Os motivos desta evolución (ademais do xa comentado e do que polo miúdo se detalla a seguir), está no esforzo que realiza a Universidade para reequilibrar as súas contas e axeitar os gastos ás súas dispoñibilidades financeiras.

Cadro 12. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2012 a 2016 (€)

	2012	2013	2014	2015	2016
GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS)	148.728.461	142.360.844	147.443.760	155.009.911	149.968.829
% VARIACIÓN ANUAL	-3,84%	-4,28%	3,57%	5,13%	-3,25%

A continuación analízanse polo miúdo as principais partidas do gasto capítulo a capítulo.

- A partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, acadou no 2016 un importe de 96.072.942 €, o que supón un incremento do 2,92% en relación ao exercicio anterior.

Cadro 13. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)

DENOMINACIÓN	2016	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2015	% DE VARIACIÓN S/ 2015	2015
ALTOS CARGOS E PERSOAL EVENTUAL	474.861	25.738	5,73%	449.123
FUNCIONARIOS	52.538.809	1.176.618	2,29%	51.362.191
LABORAIS	10.918.794	451.673	4,32%	10.467.121
OUTRO PERSOAL	18.134.166	703.294	4,03%	17.430.872
INCENTIVOS AO RENDEMENTO	766.000	9.793	1,30%	756.207
GASTOS SOCIAIS	13.240.311	357.024	2,77%	12.883.287
TOTAL	96.072.942	2.724.141	2,92%	93.348.801

- No referido aos **gastos correntes en bens e servizos**, o importe final é de 24.578.491€, cunha diminución porcentual do -4,31%, como se pode ver no cadro 14.

Cadro 14. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2016 e 2015 (€)

DENOMINACIÓN	2016	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2015	% DE VARIACIÓN S/ 2015	2015
ARRENDAMENTOS	335.437	-98.664	-22,73%	434.101
REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	2.861.785	369.545	14,83%	2.492.239
MATERIAL, SUBMINISTRACIÓN E OUTROS	19.815.009	-1.255.163	-5,96%	21.070.172
INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DE SERVICIO	1.517.279	-117.286	-7,18%	1.634.565
PUBLICACIONES	48.981	-5.236	-9,66%	54.217
TOTAL	24.578.491	-1.106.804	-4,31%	25.685.295

- Os **gastos financeiros** seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos. Acadaron a contía de 324.065 € e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros. Como se pode comprobar a minoración destes gastos con relación o exercicio anterior e importante e acada o -21,68%.

- O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 5.754.114 €, cun incremento porcentual do 3,69%. Mantendo a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas.

Cadro 15. Gasto en transferencias correntes. Anos 2016 e 2015 (€)

DENOMINACIÓN	2016	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2015	% DE VARIACIÓN S/ 2015	2015
TRANSFERENCIAS A ENTID. PÚBLICAS E PRIVADAS	2.496.782	44.782	1,83%	2.452.000
TRANSFERENCIAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO (BOLSAS E SUBVENCIÓNS)	2.353.977	-44.338	-1,85%	2.398.315
TRANSFERENCIAS AO EXTERIOR (INTERCAMBIOS ERASMUS, LIG, ETC.)	903.355	204.290	29,22%	699.065
TOTAL	5.754.114	204.734	3,69%	5.549.380

● O capítulo de **investimentos** no ano 2016 chega aos 20.413.416 €, cunha diminución do -22,17% con respecto ao 2015. Isto é debido a finalización de importantes proxectos de investigación durante o exercicio.

a) No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese unha minoración no gasto dun 51,57%, debido fundamentalmente á finalización do edificio CINBIO e a que non se recibiron axudas para equipamento nesta anualidade.

b) No comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial, prodúcese unha minoración do -2,49% con relación ao exercicio anterior.

Cadro 16. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2016 e 2015 (€)

DENOMINACIÓN	2016	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2015	% DE VARIACIÓN S/ 2015	2015
INVESTIMENTOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS	5.092.732	-5.422.409	-51,57%	10.515.141
INVESTIM. DE CARÁCTER INMATERIAL	15.320.684	-391.669	-2,49%	15.712.353
TOTAL	20.413.416	-5.814.079	-22,17%	26.227.494

1.3. Remanente de tesouraría

O remanente de tesouraría é un recurso orzamentario que procede, con carácter xeral, da acumulación de resultados orzamentarios positivos de exercicios anteriores ao que se pecha. Obténse pola diferenza entre os fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento.

De acordo co establecido no *Plan General de Contabilidad Pública*, na cifra do remanente de tesouraría debe diferenciarse entre o remanente afectado (que está formado polos importes correspondentes aos debedores de dubidoso cobro, aos excesos de financiación afectada así como ás obrigas tributarias ou equivalentes que deba atender a Universidade), e o remanente de libre disposición, que se obtén pola diferenza.

No cadro 17 móstrase o cálculo do remanente do exercicio 2016

Cadro 17. Remanente de tesouraría da UVigo. Anos 2016 e 2015 (€)

CONCEPTOS	2016	2015
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS	30.950.617,45	28.664.187,67
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	39.698.602,76	37.980.019,04
- (+) do orzamento corrente	17.743.095,66	17.576.474,14
- (+) de orzamentos pechados	1.275.411,38	1.834.709,80
- (+) de operacións non orzamentarias	20.680.095,72	18.568.835,10
- (+) de operacións comerciais		
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	5.361.409,81	5.399.448,93
- (+) do orzamento corrente	9.836,91	11.113,90
- (+) de orzamentos pechados		0,00
- (+) de operacións non orzamentarias	4.040.489,23	3.783.360,25
- (+) de operacións comerciais		
- (+) acredores pdtes. de imputar ao orzamto.	1.311.083,67	1.604.974,78
4. (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	497.773,93	498.434,21
TOTAL REMANENTE DE TESOURARÍA (1+2-3+4)	65.785.584,33	61.743.191,99
I. Saldos de dubidoso cobro	1.506.683,56	1.243.899,23
II. Remanentes de tesouraría non dispoñible	29.903.022,18	40.733.707,21
III. Remanentes de tesouraría dispoñible	34.375.878,59	19.765.585,55
IV. REMANENTE DE TESOURARÍA TOTAL	65.785.584,33	61.743.191,99

O remanente de tesouraría ten un importe total de 65.785.584,33€. Forman parte do remanente de tesouraría non dispoñible (que unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos con financiación afectada) 29.903.022,18€. O remanente dispoñible ascende a 34.375.878,59€.

En relación a esta magnitude temos que suliñar o feito de que existe unha sentenza favorable a Universidade sobre a devolución das cotas de IVA que fai que o remante dispoñible sexa maior que en exercicios anteriores. A Audiencia Nacional reconece o dereito a devolución do 100% das cotas do IVA dos exercicios 2009, 2010 e 2012, que acadan un total de 11.671.247,07€ que se corresponden con 9.291.303,75€ de principal (cotas IVE devengado) e 2.379.934,32€ correspondentes aos intereses de demora, e do exercicio 2011 cun principal de 1.945.073,00€ e 314.596,91€ de intereses.

2. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

2.1. Resultado económico-patrimonial do exercicio

A *Conta do resultado económico patrimonial* é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da Universidade dende o punto de vista da contabilidade financeira. Por este motivo non ten porque coincidir co resultado orzamentario xa que o proceso para o seu cálculo é moi diferente: na contabilidade financeira existen operacións como as provisións, amortizacións, entre as mais importantes, que non se rexistran na contabilidade orzamentaria, e hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos.

Este resultado pode ser positivo (se os ingresos superan aos gastos) ou negativo (se ocorre o contrario).

A *Conta do resultado económico patrimonial* da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2016 está formada polas partidas que se recollen no cadro 18, que amosan un resultado negativo de 1.200.730,48 € dado que baixaronos ingresos de xestión ordinaria pola recepción de menores axudas á investigación e se manteñen as amortizacións de Inmobilizado.

Cadro 18. Conta do resultado económico patrimonial da UVigo en 2016 (€)

DESCRICIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
1. INGRESOS TRIBUTARIOS E COTIZACIÓNS SOCIAIS	150.041,45	7.355,73
2. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS RECIBIDAS	130.710.229,90	136.425.105,23
3. VENDAS NETAS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS	17.259.758,66	19.329.209,30
6. OUTROS INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	5.131.335,00	4.190.018,72
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	153.251.365,01	159.951.688,98
8. GASTOS DE PERSOAL	105.046.439,74	103.454.706,18
9. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS	5.853.140,65	5.633.186,48
11. OUTROS GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	33.710.393,93	34.352.143,37
12. AMORTIZACIÓNS DE INMOBILIZADO	9.678.308,35	9.227.607,69
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	154.288.282,67	152.667.643,72
I. RESULTADO DA XESTIÓN ORDINARIA (A-B)	-1.036.917,66	7.284.045,26
13. DETERIORO DO VALOR E RESULTADOS POLO ALLEAMENTO DO INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E ACTIVOS	497.567,96	-70.245,67

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
14. OUTRAS PARTIDAS NON ORDINARIAS	186.218,81	178.096,48
II. RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (I-13+14)	-353.130,89	7.391.896,07
15. INGRESOS FINANCEIROS	52.827,67	209.734,56
16. GASTOS FINANCEIROS	-324.065,32	-401.007,58
20. DETERIORO DO VALOR, BAIXAS E ALLEAMENTOS DE ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS	-576.361,94	1.660.819,96
III. RESULTADO DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (15-16-20)	-847.599,59	1.469.546,94
IV. RESULTADO NETO DO EXERCICIO (II+III)	-1.200.730,48	8.861.443,01

2.2. Balance de situación

O *Balance* é un estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da Universidade a 31 de decembro de 2016. Comprende, coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade.

- A efectos de activos diferénciase entre **activo corrente**, que é cando os dereitos se poden facer líquidos nun prazo de 12 meses a partir do 31 de decembro ao que se suma a tesouraría, e **activo non corrente**, que comprende os dereitos que non estaban incluídos no caso anterior.
- A efectos de pasivos tamén se diferencia entre **pasivo corrente**, que é aquel que debe liquidarse dentro dun período de 12 meses a partir do 31 de decembro, e o **pasivo non corrente**, que comprende as obrigas non comprendidas no caso anterior.

Os datos, sen prexuízo da análise que se fai no apartado referido aos indicadores financeiros e patrimoniais, amosan a solidez da posición da Universidade de Vigo.

Cadro 19. Balance de situación da UVigo en 2016 (€)

DESCRICIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
A) ACTIVO NON CORRENTE	209.095.164,90	216.190.641,01
I. INMOBILIZADO INTANXIBLE	560.205,38	474.919,33
II. INMOBILIZADO MATERIAL	202.392.029,94	209.533.668,69
III. INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS	340.000,00	340.000,00
IV. INVESTIMENTOS FINANCEIROS A LONGO PRAZO EN ENTIDADES DO GRUPO	5.788.551,94	5.827.675,35
V. INVESTIMENTOS FINANCEIROS A LONGO PRAZO	14.377,64	14.377,64
B) ACTIVO CORRENTE	71.793.198,44	68.071.659,11
III. DEBEDORES E OUTRAS CONTAS A COBRAR	40.277.591,96	38.870.169,78
V. INVESTIMENTOS FINANCEIROS A CURTO PRAZO	564.989,03	537.301,66
VII. EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES	30.950.617,45	28.664.187,67
TOTAL ACTIVO (A+B)	280.888.363,34	284.262.300,12
A) PATRIMONIO NETO	247.622.111,35	247.856.649,03
I. PATRIMONIO	268.318.132,87	268.318.132,87
II. PATRIMONIO XERADO	-48.576.227,87	-47.131.939,37
III. OUTROS INCREMENTOS PATRIMONIAIS PTES. RESULTADOS	27.880.206,35	26.670.455,53
B) PASIVO NON CORRENTE	16.458.232,51	18.725.973,41
I. PROVISIÓNS A LONGO PRAZO	8.356.981,71	8.871.914,95
II. DÉBEDAS A LONGO PRAZO	8.101.250,80	9.854.058,46
C) PASIVO CORRENTE	16.808.019,48	17.679.677,68
I. PROVISIÓNS A CURTO PRAZO		153.158,67
II. DÉBEDAS A CURTO PRAZO	2.007.352,85	3.006.139,37
IV. ACREDORES POR OPERACIÓNS DE XESTIÓN	5.391.684,20	5.413.246,35
V. AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN	9.408.982,43	9.107.133,29
TOTAL PASIVO (A+B+C)	280.888.363,34	284.262.300,12

3. SITUACIÓN DA TESOURARÍA

O *Estado de fluxos de Tesouraría* informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias e indica a variación neta destas. Os movementos de efectivo móstranse agrupados por actividades.

No cadro 20 recóllense os principais items do estado de fluxos de tesouraría e o resultado final a 31 de decembro de 2016.

Cadro 20. Estado de fluxos de efectivo no exercicio 2016 (€)

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN (A-B)	25.477.011,67	35.665.014,16
A) COBROS	153.903.208,86	163.396.831,29
B) PAGOS	128.426.197,19	127.731.817,13
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO (C-D)	-20.439.648,02	-26.231.808,71
C) COBROS	75.184,84	641.492,47
D) PAGOS	20.514.832,86	26.873.301,18
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO (G-H)	-2.751.594,18	-3.693.683,87
G) COBROS POR EMISION DE PASIVOS FINANCEIROS	8.437,07	6.138,54
H) PAGOS POR REEMBOLSO DE PASIVOS FINANCEIROS	2.760.031,25	3.699.822,41
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN	660,31	-24.429,76
VI. INCREMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO	2.286.429,78	5.715.091,82
EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO INICIO DO EXERCICIO	28.664.187,67	22.949.095,85
EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO FINAL DO EXERCICIO	30.950.617,45	28.664.187,67

O **saldo da tesouraría**, que é unha das magnitudes máis importantes para reflectir o estado económico-financieiro dunha organización, acada o valor de 30.950.617,45€ a 31 de decembro de 2016.

Por outra banda, cómpre reiterar que a Universidade de Vigo non ten débedas con ningunha entidade financeira.

4. INDICADORES

Como complemento ao resto da información contida na Memoria, nesta sección recóllese unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade de Vigo no exercicio 2016.

4.1. Indicadores financeiros e patrimoniais

● **Indicador de liquidez inmediata**

Reflicte a porcentaxe de débedas orzamentarias e non orzamentarias que poden atenderse coa liquidez inmediata dispoñible. O resultado (1,84) amosa a capacidade para facer fronte aos pagos a curto prazo coas partidas que compoñen o dispoñible do activo corrente. Un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesouraría.

$$\frac{\text{Fondos líquidos: } 30.950.617,45}{\text{Pasivo corrente: } 16.808.019,48} = 1,84$$

● **Indicador de liquidez a curto prazo**

Mostra a capacidade que ten a entidade para atender a curto prazo as súas obrigas pendentes de pagamento. Ao igual que no caso anterior, un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesouraría, neste caso moi positiva, como resultado da capacidade para facer fronte aos pagos a curto prazo coas partidas que compoñen o dispoñible e o realizable do activo.

$$\frac{\text{Fondos líquidos + Dereitos pendentes de cobro: } 71.228.209,41}{\text{Pasivo corrente: } 16.808.019,48} = 4,24$$

● **Indicador de liquidez xeral**

Reflicte a medida na que todos os elementos patrimoniais que compoñen o activo corrente cobren o pasivo corrente. Na liña do comentado nos epígrafes anteriores en relación á liquidez, este indicador tamén amosa un bo resultado ao ser superior a 1, coma consecuencia dun activo corrente no que os conxuntos de dispoñible e realizable son case que o 100% do conxunto. A lectura da ratio,

en sentido inverso, é que o patrimonio neto e o pasivo a longo prazo financian aproximadamente o 70% do activo corrente, o que evidencia doutro xeito a distancia con calquera tensión de liquidez.

$$\frac{\text{Activo corrente: } 71.793.198,44}{\text{Pasivo corrente: } 16.808.019,48} = 4,27$$

● Indicador de endebedamento

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto máis o pasivo total da entidade. No relativo a este índice, todo valor por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento: canto menor sexa o valor do cociente, mellor será a situación. O resultado de 0,12 evidencia unha elevada solvencia e estabilidade financeira na institución ou, visto doutro xeito, un baixo grao de apalancamento financeiro, nunha conxuntura económica no que as restricións de liquidez son un problema para as entidades cunha elevada dependencia do pasivo esixible.

$$\frac{\text{Pasivo corrente + Pasivo non corrente: } 33.266.251,99}{\text{Pasivo corrente + Pasivo non corrente + Patrimonio neto: } 280.888.363,34} = 0,12$$

● Indicador de relación de endebedamento

Este indicador representa a relación entre o pasivo corrente e o non corrente. Ao igual que no caso anterior, calquera valor do cociente por debaixo da unidade representa unha boa relación de endebedamento e implica, xunto ás ratios de liquidez, a estabilidade financeira a curto prazo da Universidade. No caso da Universidade de Vigo a estrutura do pasivo é correcta xa que a institución non precisa financiamento a longo prazo e o pasivo a curto prazo está composto polas débedas correntes com provedores e axustes de periodificación, o que non afecta a unha correcta estruturación da débeda.

$$\frac{\text{Pasivo corrente: } 16.808.019,48}{\text{Pasivo non corrente: } 16.458.232,51} = 1,02$$

● Indicador de *cash-flow*

Reflicte a medida na que os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, sendo o resultado 1,31. Este dato indica capacidade adicional para xerar liquidez e atender ao pasivo, a Universidade segue a atender as súas obrigas e os prazos de pago son os axeitados.

$$\frac{\text{Pasivo non corrente}}{\text{Fluxos netos de xestión}} + \frac{\text{Pasivo corrente: } 33.266.251,99}{\text{Fluxos netos de xestión: } 25.477.011,67} = 1,31$$

● Indicador de cobertura de gastos correntes

Este indicador pon de manifesto a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria e os ingresos da mesma natureza, e resulta de dividir os *gastos de xestión ordinaria* entre os *ingresos de xestión ordinaria*. Este indicador reflicte a fortaleza da Universidade para atender os gastos correntes posto que pode facer fronte aos gastos da xestión ordinaria unicamente cos ingresos ordinarios.

$$\frac{\text{Gastos de xestión ordinaria: } 154.288.282,70}{\text{Ingresos de xestión ordinaria: } 153.251.365,01} = 1$$

4.2. Indicadores orzamentarios

● Indicador de execución do orzamento de gastos

Indica a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas. Este resultado recolle unha porcentaxe de execución do orzamento de gastos semellante aos exercicios anteriores consonte á planificación realizada.

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas: } 149.968.828,83}{\text{Créditos totais: } 172.419.844,91} = 0,87$$

● Indicador de realización de pagamentos

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio da que o pagamento se realizou no mesmo, con respecto ao total de obrigas recoñecidas. Este resultado demostra a capacidade da Universidade para facer fronte as súas obrigas nuns prazos moi razoables e, en calquera caso, respectando o indicado na normativa europea e española en relación aos prazos de pago.

$$\frac{\text{Pagamentos realizados: } 149.958.991,92}{\text{Obrigas recoñecidas: } 149.968.828,83} = 0,99$$

● Indicador de esforzo en investimento

Establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio con respecto á totalidade dos gastos orzamentarios realizados nel. O resultado (0,13) amosa a tendencia da Universidade a diminuír o seu esforzo en investimento, produto de varias causas: a planificación establecida no documento orzamentario cara ao reequilibrio das contas da Universidade e o ritmo seguido nos gastos asociados a proxectos de investigación institucionais ou dos grupos da universidade, sen prexuízo dunha diminución das achegas do Estado e da Xunta no eido da I+D.

$$\frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (Capítulo 6): } 20.413.415,50}{\text{Total obrigas recoñecidas netas: } 149.968.828,83} = 0,13$$

● Indicador do período medio de pagamento

Indica o tempo medio que a entidade tarda en pagar aos seus acredores derivados da execución do orzamento.

$$\frac{\text{Obrigas pendentes de pagamento: } 9.836,91}{\text{Obrigas recoñecidas netas: } 149.968.828,83} = \text{Insig}$$

Se, no canto da fórmula establecida, se utilizan os datos que hai que enviar ao *Sistema electrónico de facturación* (SEF, punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Xunta de Galicia) para cumprir co establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, *por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera*, o período medio de pago é de -0,72 días. Este dato evidencia que a Universidade realiza os seus pagamentos antes dos 60 días establecidos.

● Indicador de execución do orzamento de ingresos

Mostra a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos presupostarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos. O resultado (0,89) amosa a seriedade e prudencia da Universidade na estimación de ingresos do exercicio.

$$\frac{\text{Dereitos recoñecidos netos: } 153.759.723,30}{\text{Previsións definitivas: } 172.419.844,91} = 0,89$$

● Indicador de realización de cobros

Este indicador recolle a porcentaxe que supoñen os cobros obtidos no exercicio sobre os dereitos recoñecidos netos, sendo o resultado 0,88. Este resultado amosa o grao de realización efectivo dos dereitos recoñecidos a 31 de decembro de 2016.

$$\frac{\text{Recadación neta: } 136.016.627,64}{\text{Dereitos recoñecidos netos: } 153.759.723,30} = 0,88$$

5. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

O Servizo de Xestión económica e Contratación é o responsable da xestión da contratación administrativa, agás os procedementos negociados de subministracións e servizos por razón de contía, que se atopan desconcentrados nos/as Administradores/as de ámbitos/centros respecto das partidas descentralizadas.

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultoría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2016 móstranse nos seguintes cadros.

Cadro 21. Comparativo do volume de contratación. Exercicios 2016 e 2015

	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015	DIFERENZAS (VALOR ABSOLUTO)	DIFERENZAS (PORCENTUAIS)
IMPORTES DE LICITACIÓN	7.094.943	17.957.941	-10.862.998	-165,31%
Nº DE EXPEDIENTES	19	70	-51	-137,25%

No cómputo total do exercicio, diminúen moito o número de expedientes licitados e o importe licitado debido sobre todo a que no exercicio 2015 tiveron lugar un número extraordinario de licitacións froito da finalización do anterior programa europeo de investimentos asociados á investigación.

No cadro 22 amósase un resumo das adxudicacións, distinguindo por tipos de contrato e, a súa vez, polos procedementos e formas de adxudicación. Neste exercicio dase un maior peso dos expedientes tramitados por procedemento aberto, que superan en número aos procedementos negociados.

Cadro 22. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación. Exercicio 2016

TIPO DE CONTRATO	OBRAS	SERVIZOS	SUBMINISTRACIONES	PRIVADOS	ADTVOS. ESPECIAIS	COMPRA PÚBLICA PRECOMERCIAL	CENTRAL MADRID	TOTAL
PROCED. ABERTO	2	9	2	1	1	0	0	15
PROCED. NEGOCIADO	2	1	1	0	0	0	0	4
TOTAL	4	10	3	1	1	0	0	19

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no cadro 23. Nel obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe 1.311.989 €, o que supón un 18,49 porcentual verbo dos importes de licitación.

Cadro 23. Resumo por tipo, importes e ratios principais

TIPO DE CONTRATO	OBRAS	SERVIZOS	SUBMINISTRACIONES	PRIVADOS	ADTVOS. ESPECIAIS	CENTRAL MADRID	COMPRA PÚBLICA PRECOMERCIAL	TOTAL
IMPORTE DE LICITACIÓN	3.938.812	2.616.131	540.000	1400€ mes	123.367,38 € Canon	0	0	7.094.943
IMPORTE DE ADXUDICACIÓN	3.094.671	2.244.798	443.485	1400€ mes	123.367,38 € Canon	0	0	5.782.954
DIFERENZAS (VALOR ABSOLUTO)	-844.141	-371.333	-96.515	0	0	0	0	-1.311.989
DIFERENZAS (PORCENTUAIS)	-21,43%	-14,19%	-17,87%	0,00%	0,00%			-18,49%

Finalmente hai que recordar que nos datos comentados non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores, regulados no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Estes datos pódense consultar trimestralmente no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, o que mostra o esforzo realizado pola institución de cara a facilitar toda a información orzamentaria á comunidade universitaria.

ANEXO I. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS

De acordo co que se establece no artigo 84 da Lei Orgánica de Universidades (“as entidades nas que as Universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades”), neste anexo recóllese un resumo das contas anuais das entidades participadas pola Universidade de Vigo.

I.1. Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)

Mantense a actividade económica da sociedade e os bos datos operativos, como consecuencia do equilibrio acadado nos últimos exercicios . O empeoramento do exercicio 2016 respecto do 2015 ven derivado da menor facturación dos consumos enerxéticos ao concesionario da Piscina Universitaria de Vigo, pero que permiten garantir a viabilidade da instalación e manter a estabilidade económica de Cidade Universitaria.

Anexo: cadro 1. CUSA: Conta de resultados 2016

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS		
1. IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS	498.667,22	564.693,42
5. OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACION	8.410,74	12.031,00
6. GASTOS DE PERSOAL	-36.679,11	-34.674,33
7. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	-295.517,83	-340.411,34
8. AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO	-169.656,79	-157.051,51
9. IMPUTACIÓN DE SUBVENCIÓN DO INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E OUTRAS	1.824,32	1.824,32
11. DETERIORO E RESULTADO POR ALLEAMENTOS DO INMOBILIZADO		0,00
13. OUTROS RESULTADOS	975,84	11.922,83
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	8.024,39	58.334,39
14. INGRESOS FINANCIEROS	17.892,67	5,74
15. GASTOS FINANCIEROS	-41.196,75	-43.628,49
18. DETERIORO E RESULTADO POR ALLEAMENTOS DE INSTRUMENTOS FINANCIEROS	-3.426,64	-727,21
B) RESULTADO FINANCEIRO	-26.730,72	-44.349,96
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	-18.706,33	13.984,43
D) RESULTADO DO EXERCICIO	-18.706,33	13.984,43

O balance da sociedade reflicte o comentado con anterioridade, amosando unha solidez que permite garantir o desenvolvemento normal da actividade nas próximas anualidades. A sociedade está a devolver as débedas a longo prazo con entidades financeiras con normalidade e a facer fronte os cobros e pagos a curto prazo con maior axilidade que nos exercicios precedentes, seguindo a senda positiva dos últimos anos.

Anexo: cadro 2. CUSA: Balance 2016

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
A) ACTIVO NON CORRENTE	8.724.503,36	8.833.310,48
I. INMOBILIZADO INTANXIBLE	137.995,38	153.328,20
II. INMOBILIZADO MATERIAL	98.775,74	103.757,27
III. INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS	8.471.892,95	8.560.022,77
IV. INVESTIMENTOS EN EMPRESAS DO GRUPO E ASOCIADAS A LONGO PRAZO		3.426,64
V. INVESTIMENTOS FINANCEIROS A LONGO PRAZO	15.839,29	12.775,60
VI. ACTIVOS POR IMPOSTOS DIFERIDOS		0,00
B) ACTIVO CORRENTE	261.368,99	249.708,78
III. DEBEDORES E OUTRAS CONTAS A COBRAR	34.431,92	39.479,21
IV. INVESTIMENTOS EN EMPRESAS DO GRUPO E ASOCIADAS A CURTO PRAZO	463,51	463,51
V. INVESTIMENTOS FINANCEIROS A CURTO PRAZO	2.020,84	1.870,65
VI. PERIODIFICACIÓNS A CURTO PRAZO	14.824,56	17.766,41
VII. EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES	209.628,16	190.129,00
TOTAL ACTIVO (A+B)	8.985.872,35	9.083.019,26
A) PATRIMONIO NETO	7.066.468,09	7.102.617,22
A.1.) FONDOS PROPIOS	7.056.837,38	7.091.618,27
I. CAPITAL	10.178.880,00	10.178.880,00
III. RESERVAS	3.167,01	5.257,14
V. RESULTADOS DE EXERCICIOS ANTERIORES	-3.106.503,30	-3.106.503,30
VII. RESULTADO DO EXERCICIO	-18.706,33	13.984,43
A.3.) SUBVENCIÓNS, DONACIÓNS E LEGADOS RECIBIDOS	9.630,71	10.998,95
B) PASIVO NO CORRENTE	1.797.606,97	1.863.844,47
I. PROVISIÓNS A LONGO PRAZO		
II. DÉBEDAS A LONGO PRAZO	904.581,66	965.725,82
IV. PASIVOS POR IMPOSTOS DIFERIDOS	3.210,23	3.666,31
V. PERIODIFICACIÓNS A LONGO PRAZO	889.815,08	894.452,34
C) PASIVO CORRENTE	121.797,29	116.557,57
II. DÉBEDAS A CURTO PRAZO	79.959,74	58.681,97
IV. ACREDORES POR OPERACIÓNS DE XESTIÓN	40.637,55	46.387,42
V. AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN	1.200,00	11.488,18
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	8.985.872,35	9.083.019,26

I.2. Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI)

A sociedade desenvolveu a súa actividade ao longo de todo o exercicio con normalidade e, malia o contexto económico, mantivo en liñas xerais a súa cifra de negocios, consonte a planificación establecida.

O resultado de explotación é negativo debido ao elevado importe das amortizacións contables do inmovilizado. Con todo, evoluciona de maneira positiva en relación co exercicio anterior.

Anexo: cadro 3. CITEXVI: Conta de resultados 2016

DESCRICIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS		
1. IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS	539.045,44	512.070,64
5. OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	0,21	660,46
6. GASTOS DE PERSOAL	-115.434,00	-119.237,91
7. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	-331.966,33	-345.037,66
8. AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO	-277.901,68	-278.372,93
9. IMPUTACIÓNS DE SUBVENCIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E OUTROS	99.787,14	99.787,14
10. EXCESOS DE PROVISIÓNS		0,00
11. DETERIORO E RESULTADO POR ALLEAMENTOS DO INMOBILIZADO		77,10
12. OUTROS RESULTADOS	-1.304,16	3.155,28
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	-87.773,38	-126.897,88
13. INGRESOS FINANCEIROS	12.279,15	33.188,82
14. GASTOS FINANCEIROS	0	0
B) RESULTADO FINANCEIRO	12.279,15	33.188,82
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	-75.494,23	-93.709,06
D) RESULTADO DO EXERCICIO	-75.494,23	-93.709,06

O balance reflicte a solidez da empresa, aínda que diminúen anualmente os investimentos a curto prazo debido á devolución paulatina dunha axuda recibida para a construción do edificio CITEXVI. Os esforzos observados na conta de resultados fan prever un progresivo equilibrio da sociedade que permitirá a súa estabilidade a longo prazo de seguir coas medidas postas en marcha nos dous últimos exercicios.

Anexo: cadro 4. CITEXVI: Balance 2016

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
A) ACTIVO NON CORRENTE	10.413.719,79	10.585.544,84
I. INMOBILIZADO INTANXIBLE	1.701,84	4.252,81
II. INMOBILIZADO MATERIAL	255.268,69	288.758,27
III. INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS	10.156.749,26	10.292.533,76
B) ACTIVO CORRENTE	2.446.065,89	2.825.841,31
III. DEBEDORES E OUTRAS CONTAS A COBRAR	15.989,47	33.690,51
V. INVESTIMENTOS FINANCIEROS A CURTO PRAZO	2.300.326,78	2.601.111,23
VI. PERIODIFICACIÓNS A CURTO PRAZO	5.360,76	6.082,70
VII. EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES	124.388,88	184.956,87
TOTAL ACTIVO (A+B)	12.859.785,68	13.411.386,15
A) PATRIMONIO NETO	9.502.377,64	9.652.712,22
A.1.) FONDOS PROPIOS	6.190.948,29	6.266.442,52
I. CAPITAL	7.460.105,00	7.460.105,00
III. RESERVAS	173,81	173,81
V. RESULTADOS DE EXERCICIOS ANTERIORES	-1.193.836,29	-1.100.127,23
VII. RESULTADO DO EXERCICIO	-75.494,23	-93.709,06
A.3.) SUBVENCÍONS, DONACIÓNS E LEGADOS RECIBIDOS	3.311.429,35	3.386.269,70
B) PASIVO NON CORRENTE	2.947.520,70	3.344.449,86
I. PROVISIÓNS A LONGO PRAZO		0
II. DÉBEDAS A LONGO PRAZO	1.843.710,94	2.215.693,31
IV. PASIVOS POR IMPOSTOS DIFERIDOS	1.103.809,76	1.128.756,55
C) PASIVO CORRENTE	409.887,34	414.224,07
II. DÉBEDAS A CURTO PRAZO	372.355,54	372.335,54
IV. ACREDORES POR OPERACIÓNS DE XESTIÓN	37.531,80	41.888,53
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	12.859.785,68	13.411.386,15

I.3. Fundación Universidade de Vigo (FUVI)

Neste exercicio consolídase o nivel de actividade da Fundación, froito do modelo de xestión do Centro de Linguas posto en marcha nos últimos exercicios e da posta en marcha de novas liñas de traballo relacionadas fundamentalmente co emprendemento, coa orientación ao emprego e coas bolsas e prácticas preprofesionais.

Anexo: cadro 5. FUVI: Conta de resultados 2016

DESCRICIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
1. INGRESOS DA ENTIDADE POR ACTIVIDADE PROPIA	567.705,74	557.864,25
2. VENDAS E OUTROS INGRESOS ORDINARIOS DA ACTIVIDADE MERCANTIL	407.088,52	410.813,82
3. AXUDAS MONETARIAS E OUTROS	-2.150,00	-3.225,00
6. APROVISIONAMENTOS	-1.210,00	0,00
8. GASTOS DE PERSOAL	-807.000,92	-816.746,86
9. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	-98.006,48	-117.403,71
10. AMORTIZACIÓNS DE INMOBILIZADO	-7.046,19	-10.044,88
13. DETERIORO E RESULTADO POR ALLEAMENTOS DO INMOBILIZADO		-103,08
14. OUTROS RESULTADOS		1.212,49
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	59.380,67	22.367,03
14. INGRESOS FINANCEIROS	12,94	10,63
15. GASTOS FINANCEIROS		
17. DIFERENZAS DE CAMBIOS	-327,03	-529,73
B) RESULTADO FINANCEIRO	-314,09	-519,10
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	59.066,58	21.847,93
19. IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS	-4.650,53	-4.833,28
D) EXCEDENTE DO EXERCICIO	54.416,05	17.014,65

Do balance da Fundación destaca a escasa significación patrimonial e o bo comportamento financeiro, cunha boa liquidez.

Anexo: cadro 6. FUVI: Balance 2016

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2016	EXERCICIO 2015
A) ACTIVO NON CORRENTE	17.588,98	20.556,68
I. INMOBILIZADO INTANXIBLE	826,19	3.426,45
III. INMOBILIZADO MATERIAL	15.929,46	16.296,90
VI. INVESTIMENTOS FINANXEIROS A LONGO PRAZO	833,33	833,33
VII. ACTIVOS POR IMPOSTOS DIFERIDOS		
B) ACTIVO CORRENTE	346.551,75	339.083,62
II. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA		
III. DEBEDORES COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A COBRAR	3.081,18	10.171,00
VII. EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES	343.470,57	328.912,62
TOTAL ACTIVO (A+B)	364.140,73	359.640,30
A) PATRIMONIO NETO	302.043,47	247.105,86
A.1.) FONDOS PROPIOS	302.043,47	247.105,86
I. DOTACIÓN FUNDACIONAL	66.010,12	66.010,12
II. RESERVAS	252.717,02	252.195,46
III. EXCEDENTE DE EXERCICIOS ANTERIORES	-71.099,72	-88.114,36
III. EXCEDENTE DO EXERCICIO	54.416,05	17.014,64
A.2.) SUBVENCIONS, DONACIÓNS E LEGADOS RECIBIDOS	0,00	0,00
B) PASIVO CORRENTE	62.097,26	112.534,44
II. DÉBEDAS A CURTO PRAZO	16.284,68	60.117,09
III. DÉBEDAS CON ENT. GRUPO E ASOC. CURTO PRAZO		
V. ACREDORES COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A PAGAR	45.812,58	52.417,35
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	364.140,73	359.640,30